



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-LUGO

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es



PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP JUAN REY DE LOURENZÁ

Informado polo Claustro de mestres/as: / /2022

Aprobado polo Consello Escolar: / /2022



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-LUGO

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN E DO CONTEXTO
 - 2.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO CONTORNO
 - 2.2. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA
 - 2.3. ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA
3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA
 - 3.1. OBXECTIVOS XERAIS
 - 3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
4. CONCRECIÓN DO PLAN
 - 4.1. ACTUACIÓNS
 - 4.2. MEDIDAS
 - 4.3. PROGRAMAS
 - a. Programa que contribua á adquisición de habilidades e competencias sociais.
5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO (NOFC)
6. COMISIÓN DE CONVIVENCIA
7. PROTOCOLOS
8. MECANISMOS DE COLABORACIÓN ENTRE CENTRO, FAMILIA E CONTORNO ESCOLAR
9. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA
10. SEGUIMENTO AVALIACIÓN E MELLORA
11. ANEXO



1. INTRODUCCIÓN

Entender o conflito coma o núcleo central dos problemas de disciplina foi un punto de arranque para sensibilizar ao profesorado do centro na idea de que a convivencia implica a tódolos elementos do sistema escolar. É a confrontación de intereses o que causa o conflito e a conduta do alumno unha mera resposta que pode ser ou non axeitada.

Como consecuencia desta nova visión da disciplina, estamos dacordo en recoller toda a información posible para entender tódolos puntos de vista e os diferentes intereses que se dan en cada un dos sectores da comunidade educativa para a continuación e plantexar unha reflexión sobre elementos do sistema escolar tales coma as estratexias docentes de xestión da aula, os canles de participación dos distintos membros, a asunción e recoñecemento das normas de funcionamento dos grupos, o carácter democrático da metodoloxía (baseada na investigación e construción do coñecemento, con proposta de actividades que poidan ser realizadas con éxito a diferentes niveis, que favoreza un clima de cooperación na aula,) etc.

Para levar a cabo dita análise recurrimos aos diferentes documentos do centro que recollen as intencións e medidas ou actuacións e valoramos a súa adecuación ó novo enfoque. Grazas a esta análise acadamos unha valoración da práctica e das carencias e necesidades para, posteriormente atopar unha vía de intervención para a mellora.

Quixemos tamén levar á práctica algunha das propostas que traballamos na teoría. Un paso máis foi establecer os obxectivos prioritarios e planificar cambios para a súa consecución. Trátase dun plan con actuacións, medidas e programas para a mellora da convivencia no centro a través da xestión democrática do mesmo e conta cun elenco das actuacións concretas consensuadas e dos programas para o ensino de habilidades sociais que supoñan unha prevención na aparición de problemas de convivencia no centro.



2. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DO CONTEXTO

2.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO CONTORNO

Lourenzá é un concello ubicado en zona rural, dividido en catro parroquias: San Tomé, San Xurxo, San Adrao e Santa María de Vilanova, que é a capital.. A súa economía baséase no sector primario, destacando os subsectores de gandería, agricultura e forestal. Sendo máis importante éste último, tanto polo enorme potencial de madeira que ten nos montes como polas industrias derivadas que están asentadas dentro dos seus límites. Na actualidade estas industrias están moi afectadas pola crise polo que se produciron despidos masivos.

Nas últimas décadas tamén cobrou gran importancia o mercado da faba, tódolos domingos na época de colleita.

En canto a servicios públicos e sociais, a localidade conta cun Centro de Saúde, atendido por dous médicos e unha A.T.S. (unha vez á semana ven unha pediatra). Hai unha biblioteca que funciona en días laborables de 17 a 20 horas. É atendida por unha bibliotecaria. O concello conta cos servicios dunha traballadora social e unha educadora familiar. Polo que respecta ás instalacións ten un pequeno parque infantil, unha piscina municipal que funciona entre xuño e setembro e un pavillón polideportivo cuberto.

Funcionan tres asociacións ou agrupacións, das cales unha é a Asociación Cultural "Osorio Gutiérrez" que programa diversas actividades para nenos e adultos, (entre elas a escola de música e baile tradicional), outra a "Agrupación Deportiva Lourenzá", que oferta todo tipo de actividades deportivas e a "Asociación Amas de Casa" con actividades coma cursiños, exposicións, viaxes, etc.

O noso Colexio "Juan Rey" conta cun amplo recinto con valado de cemento, con zonas cubertas e canchas deportivas. É un Centro público con 9 unidades, 3 de E. Infantil e 6 de E. Primaria.

Escolarízanse 125 alumnos e alumnas dende os 3 ós 12 anos, sendo procedentes do estranxeiro o 25%, 22% de orixe marroquí e 3% de sudamérica.

Da totalidade, 3 presentan necesidades educativas especiais e 14 necesidades específicas de apoio educativo. Practicamente a totalidade son galego-falantes.

O nivel socioeconómico é medio ou medio-baixo. As actividades escolares desenvólense en xornada continuada (de 9:20 a 14:20 horas) e as extraescolares en horario de 15.20 a 17.20.

Este Centro está inscrito ao Instituto de Educación Secundaria "S. Rosendo" de Mondoñedo.



A plantilla do Colexio está formada por 15 profesores con destino definitivo, 4 profesoras de E.Infantil, 5 profesores de E. Primaria, 1 especialista en F.F. que imparte EP, 1 especialista en F.I., 1 especialista en E.M., 1 especialista en E.F., 1 especialista en P.T., 1 Orientadora (Orientación Compartido), 1 con destino noutro centro (AL) e a profesora de relixión. O profesorado participa habitualmente en cursos e seminarios de formación.

2.2. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA

Resulta evidente que toda valoración sempre ten un gran componente de subxectividade e máis cando se refire a aspectos complexos como é o caso da convivencia entre persoas e máis aínda cando éstas se dan dentro de entidades ou sistemas como ocorre nos centros escolares. Por eso é frecuente que falemos con demasiada lixeireza interpretando o que ocorre entre os alumnos, entre os profesores ou entre calquera dos sectores que compoñen a comunidade educativa e manexamos ideas sobre as relacións coma se foran certas cando somentes son a nosa percepción.

Para solucionar este sesgo convén ter datos recollidos de cada unha das partes, que se ben siguen sendo subxectivos, reflexan o sentir de cada quen sen interpretacións alleas.

Con esta idea demos o primeiro paso que foi recoller o sentir do **profesorado** no cuestionario que se axunta. Segundo tiñamos lido e traballado e revisando tódolos modelos que puidemos recoller chegamos á conclusión de que sería necesario recoller información sobre catro aspectos fundamentais:

- A percepción do clima de convivencia en relación co alumnado, fundamentalmente na xestión da aula e o tipo de problemas de convivencia que experimentan. Preguntamos en relación cos conflitos a frecuencia, o tipo e o grao de importancia concedida.
- A atribución de causalidade. Preguntamos de forma directa polas causas e de forma indirecta pola incidencia que poden ter aspectos coma o modelo que se ofrece e a coordinación das actuacións do profesorado.
- A percepción do clima de convivencia entre o profesorado. Preguntamos sobre o tipo de conflitos que se perciben e a maneira de afrontalos.
- A organización democrática. Preguntamos sobre a forma de exercer a autoridade e a participación do alumnado.
- A percepción do clima de convivencia entre profesorado e familias. Pedimos unha valoración sobre a relación e o grao de participación e implicación dos pais.

Polo que respecta ás relacións **entre alumnos** recolleamos información de forma directa, mediante entrevista realizada polo titores aos nenos máis pequenos (ata 2º de primaria) e mediante cuestionario cumplimentado de forma anónima de 3º en diante.



Os aspectos que nos interesou recoller foron os seguintes:

- A existencia de algún tipo de agresións ou maltrato por parte dos iguais. Preguntábase sobre o tipo de agresión que sente cada un, o lugar, a frecuencia, as causas, a percepción como testigo de maltrato ou como autor do mesmo.
- A relación cos adultos. Preguntamos pola posible experiencia negativa cos profesores ou outros adultos.
- O grao de benestar persoal. Preguntamos en relación coa aula, co centro e tamén sobre as necesidades persoais de cambio.
- A participación do alumnado na organización do centro. Preguntábase polo coñecemento e compromiso coas normas de funcionamento.

Finalmente, recollemos información das familias mediante cuestionario de xeito que se garantía o total anonimato (ver nota que acompaña ao cuestionario). Interesámonos polos seguintes aspectos:

- Percepción do clima de convivencia. Preguntamos pola súa percepción da relación entre os profesores, entre os alumnos, entre profesores e alumnos e entre profesores e pais.
- Percepción do grao de benestar que experimentan os fillos. Preguntamos pola a gusto que se atopa no centro, co profesorado e cos iguais.
- Percepción da problemática existente. Preguntamos polo tipo de conflitos dos que tiñan noticia e as posibles causas.
- O labor do centro en relación á convivencia. Preguntamos polo grao de satisfacción co labor que se está facendo no centro sobre o tema.
- A implicación e participación. Preguntamos polas posibilidades que teñen de participar no centro, a súa implicación persoal e a concepción que teñen sobre o papel que xogamos cada un dos sectores implicados na educación dos fillos.
- Necesidades percibidas: Preguntamos pola necesidade e tipo de axuda que precisan en torno a este aspecto da educación.

Interpretación dos resultados

As opinións recollidas no sector do alumnado revelan as seguintes conclusións:

- Hai unha maioría de alumnos que non perciben que sexan molestados e cando o son indican problemas coma que lles collen a goma ou semellantes.
- Pero aqueles que si se consideran molestados ocórrelles con bastante frecuencia o que é un dato significativo.
- Na maioría descoñecen os motivos que causan as agresións pero aparecen os rasgos físicos, a raza ou cultura e outros.
- Adoitan a falar cos mestres, cos pais ou cos compañeiros, por este orde.



- Case ningún recoñece un comportamento de acoso nen agresión a outros pero son conscentes de que hai nenos que reciben agresións frecuentemente e din os nomes coincidindo na súa maioría en tres casos de rexeitamento e exclusión por parte dos compañeiros.
- Non se consideran maltratados polos mestres pero teñen queixas de discriminación e inxustiza, sobre todo na aplicación das normas.
- A totalidade do alumnado di sentirse a gusto no centro e na aula.
- Por outra parte a maioría di que coñece as normas de funcionamento do centro. Os máis pequenos cren que son normas que pon o profesorado mentres que os do terceiro ciclo cre que foron postas polo alumnado e profesorado conxuntamente.

Pola súa parte, as familias aportan a seguinte información:

- Cando falamos de clima de convivencia máis do 75% dos pais perciben boas relacións entre pais e profesores ou entre profesores e alumnos e sómentes un 60% consideran que hai bo clima entre alumnado.
- Máis da metade consideran que o seu fillo/a está a gusto no centro e co profesorado pero a porcentaxe que atopa boas relacións entre compañeiros é menor.
- Os problemas percibidos con maior frecuencia son, a partes iguais as agresións físicas, verbais e de rexeitamento.
- Cando valoran as causas dos problemas, a maioría atopa responsable o modelo educativo familiar pero unha boa parte responsabiliza ó centro.
- Para resolver os problemas de convivencia que se lle presentan, a maioría de pais acude ao centro(xefe de estudos).Máis do 75% consideran que o centro está a facer un bo labor.
- Hai unha parte importante (25%) que dice descoñecer as normas de funcionamento do centro anque máis da metade considéranas axeitadas.
- Máis do 50% recoñece que non participa nunca ou case nunca nas actividades do centro anque sí acuden á titoría.
- A maioría opina que se dan suficientes oportunidades de participar anque á hora de plantexar alternativas piden poder asistir a actividades complementarias coma festivais ou celebracións.
- Outras alternativas de mellora que propoñen sería oferta de formación para pais en temas de educación dos seus fillos, maior implicación do profesorado á hora de coñecer o que pasa nos patios e informar aos pais ou á hora de ofrecer apoio a aqueles nenos que o necesitan.
- En xeral, consideran que é necesario un traballo conxunto do centro e as familias, tanto na educación en valores coma na resolución dos conflitos existentes.



Finalmente, os resultados da consulta feita ao profesorado indica o seguinte:

- A totalidade considera que adica un 20% do tempo da clase ou menos a solucionar problemas de disciplina.
- Consideran que esto melloraría se consensuáramos as normas de funcionamento tódolos profesores.
- A metade dos encuestados pensan que o alumnado séntese nalgunha medida, participe das normas que rixen o funcionamento a outra metade opina que acatan as normas pero non participaron na elaboración.
- Consideran que o centro non ten como obxectivo prioritario a educación en valores anque se adica moito tempo ao tema.
- Os problemas que máis preocupan son a falla de motivación e atención no alumnado e as conductas disruptivas dentro da clase.
- Achacan estes problemas a unha falla de hábito de traballo e de esforzo por parte do alumnado.
- Con respecto ao modelo que ofrece o profesorado, a maioría opina que exerce un modelo nen totalmente autoritario nen democrático e considera que a súa forma de impoñer a disciplina ou o tipo de actividades influe na convivencia de forma significativa.
- Como alternativas de mellora propoñen acadar consenso na aplicación das normas, mellorar a implicación nos temas da convivencia, entrenar habilidades sociais co alumnado, empregar metodoloxías de traballo en grupo ou coidar o modelo que se ofrece ao alumnado.
- Cando se pregunta polo clima social entre profesores a maioría considera que hai unha convivencia en harmonía pero ésta priorízase por encima do auténtico entendemento entre as partes.
- Un 50% do profesorado cre que ante os conflitos se actúa abordando abertamente os problemas mentres que un 45% considera que non se fai así senón en pequenos grupos.
- Máis do 70% nunca tivo mala experiencia persoal nas relacións cos compañeiros, somentes unha pequena parte o experimentou nalgunha ocasión.
- A meirande parte dos conflitos que se dan son referidos ás normas e a súa aplicación.



2.3. ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia debe favorecer ás relacións nos aspectos positivos da convivencia e posibles cambios escolares cando se demande a necesidade de melloralas.

Dende o noso centro traballamos ditas accións dende as titorías, pero tamén por parte dos demais sectores educativos: o equipo directivo, comisión de convivencia, equipo docente e especialistas, departamento de orientación...

No tocante ás intervencións para a mellora da convivencia algunhas das que se levaron a cabo nos cursos anteriores foron:

- Período de adaptación para 4º de EI.
- Plan de Acollida.
- Plan de Acción Titorial.
- NOF-C
- Medidas para comportamento disruptivo.
- Actividades de habilidades sociais.
- Patios pintados.
- Xogos de rol nos tempos de lecer.
- Charlas de igualdade.
- Charlas de Educación Sexual.
- Plan director de convivencia.
- Traballo cooperativo.
- Chocolatada para a Paz.
- Reunións coas familias.
- Actividades relacionadas coas conmemoracións: Nadal, Entroido, Día da Muller, Igualdade de Xénero, Día da Familia, Día da Paz, Libro Viaxeiro, Apadriñamento lector, xincana lúdica de Pascua...



3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

3.1. OBXECTIVOS XERAIS:

1. Educar nos principios da convivencia pacífica e nos valores democráticos para avanzar na formación dunha cidadanía crítica e responsable.
2. Favorecer a mellora da convivencia no Centro, para conseguir o clima de aceptación, confianza e seguridade que garanta o cumprimento das finalidades educativas do centro.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Establecer un marco de referencia para a organización e funcionamento que facilite as relacións, a comunicación e a participación dos membros da comunidade educativa.
2. Fomentar os valores democráticos de solidariedade, tolerancia, colaboración e respecto ás ideas e ás persoas.
3. Propoñer para o Centro un modelo global de educación na convivencia ou de educación na resolución de conflitos.
4. Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
5. Facilitar a detección, tratamento, seguimento e resolución dos conflitos, e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e de aprendizaxe.
6. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
7. Rexeitar a violencia como forma de resolución dos conflitos.



4. CONCRECIÓN DO PLAN

4.1. ACTUACIÓNS

1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.

ACTUACIÓN	DESCRICIÓN	RESPONSABLES
Planificación conxunta de actividades que poidan ser realizadas con éxito por tódolos alumnos e que éste se corresponda co esforzo realizado.	Plan de traballo coordinado polo equipo docente para cada un dos alumnos que presentan necesidades de reforzo ou ampliación, axustándose aos diferentes niveis, intereses ou motivacións.	Titores e Equipo Docente
Incorporación de metodoloxías máis axeitadas ás necesidades e intereses do alumnado (participativas e colaborativas, superando o libro de texto como único material utilizado).	O profesorado ten como norma plantexar actividades abertas en cada tema que dan cabida ás variacións fomentando a iniciativa do alumnado. O profesorado ten como norma propoñer actividades de colaboración en pequenos grupos alomenos unha sesión semanal. O profesorado ten como norma plantexar actividades de construción de coñecemento antes ca outras de tipo expositivo e mecánico.	Dpto. Orientación e claustro
Incorporar na programación didáctica actividades encamiñadas ao autoconecemento e autocontrol do alumnado e á adquisición de habilidades sociais.	Establécense como prioritarios obxectivos tales como: recoñecemento, control e expresión dos propios sentimentos, poñerse no lugar do outro, controlar a agresividade e saber comunicarse. Prográmanse actividades para a súa consecución e realízase a avaliación trimestral dos mesmos.	Dpto. Orientación e titores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-LUGO

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa,

ACTUACIÓN	DESCRICIÓN	RESPONSABLES
Buscar unha vía para implicar aos pais menos participativos.	Reunións trimestrais coa ANPA para estimular o seu funcionamento. Sesións de traballo bimensuais de "escola de pais".	Equipo docente
Realizar actividades conxuntas para mellorar a comunicación.	Sesións de traballo conxuntas orientadora, titor/a e pais para analizar a problemática da aula (alomenos 2 no curso).	Dpto. Orientación
Establecer plan de traballo para o curso con obxectivos conxuntos.	Elaboración por parte do equipo docente unha mini-programación de obxectivos actitudinais para traballar conxuntamente durante o trimestre.	CCP e Equipos



3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia

ACTUACIÓN	DESCRICIÓN	RESPONSABLES
Ofrecer información a alumnado e familias cando se matriculan por primeira vez no centro.	Presentación do Equipo Docente de E. Infantil, dos servizos de que dispoñen e de toda a información referente a axudas e obrigas, no curso anterior á entrada. Ofrecer a mesma información no momento en que chega un novo alumno.	Equipo directivo e Orientadora
Crear "grupo" entre os alumnos de cada aula e do centro.	Programación semanal de actividades de traballo en grupo para entramento da colaboración. Ofrecer modelos de aceptación de tódalas diferencias erradicando os xucios de valor negativos diante do grupo.	Titores
Atender de forma prioritaria ás relacións que se establecen no patio.	Elaborar un decálogo de bo comportamento no xogo con cada grupo de alumnos. Construír as normas do patio e as sancións correspondentes ao incumplimento.	Dpto. Orientación e equipos
Elaborar as normas de funcionamento da aula e do centro partindo da experimentación da necesidade das mesmas.	Construcción das normas nas aulas durante o mes de setembro.	Titor e alumnos
Realizar actividades conxuntas coas familias sobre educación en valores e sensibilización	Elaboración por parte do equipo docente unha programación de educación nos valores de igualdade entre homes e mulleres e non discriminación por ningunha diferenza a traballar conxuntamente durante o	Dpto. Orientación e titores



fronte aos casos de acoso.	trimestre.	
Implicar ao persoal non docente e colaborador nas actividades complementarias de prevención de actitudes discriminatorias por sexo, raza ou relixión	Elaboración do equipo directivo, conxuntamente co grupo de colaboradores de comedor, dun decálogo de “boas prácticas” así como reparto de espazos e actividades de patio para fomentar actitudes respetuosas coas diferencias e de igualdade entre nenos e nenas.	Equipo directivo

4.2. MEDIDAS

1. Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos

ACTUACIÓN	DESCRICIÓN	RESPONSABLES
Poñer en marcha medidas de detección de conflitos para Garantir a seguridade e benestar físico e psicológico de toda a comunidade educativa.	Poñer en marcha o “parte do recreo” para facer un seguimento das incidencias e valorar a acumulación das mesmas en determinados alumnos/as.	Equipo Directivo
Elaborar de forma consensuada procedementos educativos para as conductas contrarias á convivencia.	Definir a canle e procedementos de actuación inmediatos á comisión da falta con carácter educativo e non sancionador: Actividades de autoconñecemento e autocontrol na aula de convivencia inclusiva o una propia aula.	CCP
Constituir un equipo de mediación integrado por alumnos e profesores para fomentar a resolución	Formar ao profesorado e alumnado de 3º ciclo en tarefas de mediación. Constituir a figura do mediador.	Dpto. Orientación e claustro



pacífica de conflictos		
------------------------	--	--

4. 3. PROGRAMAS

4.3.1 Programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias Sociais

Na actualidade a instrución e o ensino instrucional das habilidades de interacción social está debilitado tanto na familia como na escola. A familia debido a diversas razóns (envío temperá dos fillos á escola, incorporación da muller ó mundo laboral...) delega a responsabilidade do ensino das condutas interpersoais principalmente ás institucións escolares, non obstante na escola non se ensinan estes aspectos de xeito sistemático .

A realidade é que estase a detectar un notable incremento dos problemas nos alumnos e alumnas e que moitas destas dificultades están relacionadas co déficit e inhabilidade social . A escola non pode estar allea a estes feitos e debe levar a cabo estratexias de intervención para acadar que os nenos/as se relacionen adecuadamente coas persoas que lles rodean.

Antes de deseñar un programa de ensino de habilidades de interacción social, deberemos reflexionar acerca dos seguintes aspectos:

- O ensino de habilidades sociais é unha competencia e responsabilidade da escola como institución xunto coa familia e en coordinación con ela.
- É necesario que na escola se ensinen directa e sistematicamente as habilidades sociais, asumindo nos proxectos educativos e curriculares dos centros a área interpersoal tanto a nivel conceptual como metodolóxico e organizativo, incluíndo a promoción da competencia social como un dos obxectivos xerais do centro, ciclo e curso para tódolos alumnos e alumnas, e integrando o ensino de habilidades no currículo escolar ordinario o que supón delimitar un tempo no horario, establecer obxectivos e contidos, planificar actividades a realizar para a consecución dos obxectivos, delimitar estratexias de avaliación e establecer sistemas de coordinación colexio-familia.
- As alumnas e alumnos con necesidades educativas especiais presentan frecuentemente baixa aceptación polos seus compañeiros e déficits e inadecuacións no seu comportamento interpersoal polo que é imprescindible traballar esta área con eles xa que constitúen un grupo de risco de desaxustes sociais.
- É conveniente a formación do profesorado no campo das habilidades interpersoais tanto no aspecto estritamente persoal (para aumentar a propia competencia social) como no profesional (aumento das habilidades sociais que optimicen o



afrontamento da tarefa educativa na aula cos alumnos e no centro co resto das persoas que forman a comunidade educativa.

- É necesario que a administración educativa aborde directamente o tema da competencia interpersoal.

5. NORMAS DE CONVIVENCIA

5.1. DISPOSICIÓN XERAIS.

As normas de convivencia do centro recollidas neste NOFC concretan os deberes dos alumnos e establecen as correccións que corresponden ás condutas contrarias ás citadas normas.

1. Os incumprimentos das normas de convivencia valoraranse considerando a situación e as condicións persoais do alumno.
2. As correccións que deban de aplicarse por incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto ós dereitos do resto dos alumnos e procurarán a mellora nas relacións de tódolos membros da comunidade educativa.
3. Na corrección dos incumprimentos deberá terse en conta:
 - a) Ningún alumno poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin do seu dereito á escolaridade, de acordo co disposto no apartado 3 do artigo 53 do Real Decreto 732/1995.
 - b) Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumno.
 - c) A imposición das correccións previstas no Real Decreto 732/1995 respectará a proporcionalidade coa conduta do alumno e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
 - d) Os órganos competentes para a instrución do expediente ou para a imposición de correccións deberán ter en conta a idade do alumno, tanto no momento de decidir a súa incoación ou sobresemento, como para efectos de graduar a aplicación da sanción cando proceda.
 - e) Teranse en conta as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno antes de resolve-lo procedemento corrector. Para estes efectos, poderanse solicita-los informes que se estimen necesarios sobre as aludidas circunstancias e recomendar, se é o caso, ós pais ou representantes legais do alumno ou ás instancias públicas competentes a adopción das medidas necesarias.



4. Os alumnos que individual ou colectivamente causen danos de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións do centro ou o seu material quedan obrigados a reparalo dano causado ou facerse cargo do custo económico da súa reparación. Igualmente, os alumnos que subtraeran bens do centro deberán restituír o subtraído. En todo caso os pais ou representantes legais dos alumnos serán responsables civís nos termos previstos nas leis.

5. Considéranse circunstancias atenuantes:
 - a) O recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
 - b) A falta de intencionalidade.

6. Considéranse circunstancias agravantes:
 - a) A premeditación e a reiteración.
 - b) Causar dano, inxuria ou ofensa ós compañeiros .

7. Poderán corrixirse, de acordo co disposto neste NOF, os actos contrarios ás normas de convivencia do centro realizados polos alumnos no recinto escolar ou durante actividades complementarias e extraescolares. Igualmente, poderán corrixirse as actuacións do alumno que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten ós seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa.

8. O Director, Xefe de Estudos ou Titores, segundo os casos, supervisarán o cumprimento efectivo das correccións nos termos en que foran impostas.



CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

As condutas contrarias ás normas de convivencia do centro poderán ser corrixidas con:

- a) Amoestación privada ou por escrito ó interesado e aos pais ou tutores legais.
- b) Comparecencia inmediata ante o Xefe de Estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario non lectivo.
- d) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a repara-lo dano causado ás instalacións ou ó material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- e) Saída temporal do grupo por parte do alumno, por un tempo máximo de tres días.

Serán competentes para decidir as correccións previstas:

- a) Os profesores do alumno, oído este, as correccións que se establecen nos apartados a) e b), dando conta ó titor e ó Xefe de Estudos.
- b) O titor do alumno, oído o mesmo, as correccións que se establecen nos apartados a), b), c) e d).
- c) O Xefe de Estudos e o Director, oído o alumno e o seu profesor ou titor, as correccións previstas no apartado e).

As condutas contrarias ás normas de convivencia no centro prescribirán no prazo dun mes, contando a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán ó remate do Curso escolar.

Como complemento das medidas correctoras o Dpto. de Orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas contrarias á convivencia. Este programa aplicarase en colaboración co profesorado titor e implicando ao resto do profesorado, familia e servizos sociais.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica, a proposta do Dpto de Orientación establecerá un procedemento conciliado de resolución de conflitos que será aprobado polo Consello Escolar e incluírá a designación dunha persoa instrutora e unha mediadora.

A participación neste procedemento por parte do alumnado e familias terá carácter voluntario e porase en marcha por solicitude dos mesmos.

A opción voluntaria por este procedemento suspende a medida correctora que se restablecerá no caso de que a conciliación sexa infructuosa.



5.2. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO.

Non poderán corrixirse as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro sen a previa instrución dun expediente, que, trala recollida da necesaria información, acorde o Director do centro, ben pola súa propia iniciativa ou ben por petición motivada do profesorado, do titor ou titora do alumno, do xefe de estudos ou por denuncia doutros membros da comunidade.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro:

a) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.

b) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.

c) A agresión grave física ou moral contra os demais membros da comunidade educativa ou a discriminación grave .

d) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou subtracción de documentos académicos.

e) Os danos graves causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais, material ou documentos do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.

f) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.

g) As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación ás mesmas.

h) O incumprimento das sancións impostas.

As condutas gravemente prexudiciais poderán ser corrixidas con:

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a repara-lo dano causado ás instalacións ou material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa. Estas tarefas deberán realizarse en horario non lectivo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-LUGO

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

b) Obriga de participar no programa de habilidades sociais que porá en marcha o Dpto. de Orientación.

c) Saída temporal do grupo.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro consideraranse solucionadas ante o cambio de actitude do alumno constatado polo profesorado ou persoas implicadas. As correccións impostas como consecuencia destas condutas non serán acumulables despois dos períodos de vacacións.



Corrección das condutas

1. A recollida da información levarase a cabo por un profesor/a do centro designado polo Director/a. O inicio do proceso comunicarse ós pais, titores ou responsables do menor.

2. Excepcionalmente, ó iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, o Director, por decisión propia ou por proposta, se é o caso, do profesorado, poderá adoptar as medidas provisionais que estime convenientes dentro das establecidas neste regulamento.

3. O inicio do procedemento deberá acordarse no mesmo día no que se tivo coñecemento dos feitos ou condutas merecedoras de corrección.

4. Posteriormente á recollida de información, darase audiencia ó alumno e, se é o caso, ademais ós pais ou representantes legais daquel, comunicándolles en todo caso as condutas que se lle imputan e as medidas de corrección que se propoñen. O prazo para o remate do procedemento non deberá exceder de dous días.

5. A comparecencias dos pais ou titores legais dos alumnos ante o procedemento será obrigada e a súa desatención inxustificada será motivo de comunicación ás autoridades competentes como constitutiva de abandono das súas funcións de tutela.

5.3. CONDUCTAS LEVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO.

A imposición das medidas correctoras para as condutas levemente prexudiciais para a convivencia levaraa a cabo o profesorado do alumno, oído este, e dando conta ao xefe de estudos.



NORMAS CONCRETAS DE DISCIPLINA PARA OS ALUMNOS.

1.Os alumnos someteranse ás seguintes normas:

Relación persoal:

- Respetar ós demais, verbalmente e nos feitos.
- Respetar as cousas dos demais e as do centro, que son de todos.
- Moderar o ton de voz e os xestos ó dirixirse a outras persoas, evitar molestalos con accións ou expresións e controlar a reaccións de desgusto ou enfado contra os demais.
- Ter unha actitude de axuda e de acollida no grupo.- Respetar e facilitar o traballo de cada membro da comunidade (do conserxe, limpadoras, e tamén de mestres e compañeiros).

Hábitos xerais:

- Puntualidade nas entradas e cambios de clase. No caso de faltas de puntualidade reiteradas, os profesores ou titores adoptaran as medidas correctoras oportunas en cada caso.
- Nos cambios de clase non poderán ausentarse da aula, permanecendo no seu posto ata a chegada do profesor/a correspondente.
- Non permaneceran fóra das aulas en horas lectivas sen autorización do titor/a ou profesor/a correspondente.
- Prohíbese a saída do recinto escolar nas horas de clase, incluso de recreo, agás cando se considere necesario e con autorización expresa do titor/a ou profesor/a de garda. No caso de que o alumno teña que saír do recinto escolar, farao acompañado polos pais ou persoas nas que estes deleguen, previa notificación por escrito.
- Cando o alumno ou grupo deba trasladarse de aula, farao de forma ordenada e silenciosa.
- Nas horas de recreo, o alumnado non poderá estar dentro das aulas, nin nos corredores.Só poderán permanecer na aula se están acompañados por un profesor/a.
- Os alumnos entrarán no comedor acompañados polo persoal colaborador, e sairán del do mesmo xeito.
- Circular seguindo un orde polos corredores e escaleiras, con paso moderado.
- Ceder o paso nas portas sen empurrar.
- Non dar portazos.
- Non comer nas clases (chicles, caramelos, pipas, etc).
- Comportarse na mesa con corrección, usando axeitadamente os utensilios e respetando o dereito dos demais a comer tranquilos .



- Usa-lo mobiliario e o material correctamente e para os fins ós que está destinado.
- Non usar as billas dos servizos e do patio para xogar nin para molestar ós demais.
- Non participar en xogos ou actividades perigosas.

Orde:

- Manterse en silencio e atención cando se require.
- Comportarse no comedor gardando silencio cando se pide e orde nas entradas e saídas.
- Manter orde e limpeza nas cousas propias, coidando a presentación dos traballos, os cadernos, papeis, carpetas, etc.
- Manter a orde na clase, mesa, carteira, prendas de vestir, etc.
- Deixa-la clase perfectamente recollida ó remate de cada sesión.
- Manter limpo o recinto e o edificio.

NORMAS E INDICACIÓNS DAS CONDUCTAS QUE SE ESPERAN DOS ALUMNOS E ALUMNAS E DOS MESTRES E MESTRAS

Os alumnos e mestres responderán aos requirimentos das diferentes situacións coas condutas que se especifican:

1º- Entrada pola mañá. Cando toque o timbre precísase silencio por parte de todos os alumnos e alumnas.	
Mestras e mestres	Alumnos e alumnas
-Debemos estar TODOS no corredor da planta baixa tan pronto como toque o timbre. -Debemos poñernos diante da fila que nos toque e levala ata a aula. -Cando un profesor falte alguén dos que non teñen titoría ou clase nesa sesión deben meter a fila no seu lugar .	-Deben calar e atender cando aparece o mestre/ a. -Deben ir na fila calados e sen empurrar . -Non poden saír da fila para ir ó baño (deberán ir antes de entrar na aula).



<p>2º Dentro da clase Dentro da aula deberá cumprir co seu traballo como alumno respectando ao profesor e os compañeiros</p>	
<ul style="list-style-type: none"> - Debemos propoñer unhas normas claras e permanentes axustadas á clase - Amosar respecto ao dirixirse aos alumnos amoestando sempre en privado. - Propoñer e esixir manter orde e estruturación na aula. - Aplicar as consecuencias correspondentes ante conduta inadecuadas (saír da aula se é preciso co mestre de garda ou para outro curso) 	<ul style="list-style-type: none"> - Deben atender ás explicacións con interese e en silencio. - Deben seguir as instrucións e ordes do mestre. - Deben amosar respecto ao dirixirse ó mestre (verbal e xestual) - Deben amosar respecto aos compañeiros (verbal, xestual). - Deben coidar e respectar os materiais (propios, dos demais e da clase ou do centro)
<p>3º- Saída ó recreo. Cando o mestre indique saír colocaranse na fila en orde.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> -Sae diante da fila ata a porta. -Non deixar ningún neno dentro da aula. Se queda algún , o mestre/a debe volver á aula, obrigatoriamente. -Non debe deixar que ninguén saia da fila para ir ó baño (o recreo é o momento de aproveitar para ir ó servizo). -Un profesor dos de garda debe vixiar os servizos do galpón. 	<ul style="list-style-type: none"> -Colócanse en orde na fila e saen detrás do mestre/a ata a porta. -Non poden abandonar a fila para ir ó servizo. -No recreo irán ós baños de fóra sempre que o necesiten.
<p>4º - Durante o recreo e tempo de lecer Manter un comportamento respectuoso cos compañeiros e persoas de garda.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> - Velar estritamente polo cumprimento das normas sen “pasar por alto”. - Respectar aos alumnos amoestándoos fóra do grupo. - Velar pola incorporación ao xogo de todos os alumnos detectando posibles exclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> - Deben seguir as instrucións das persoas de garda conforme as normas que rexen no momento. - Deberán respectar aos demais verbalmente e nos feitos. -Deberán moderar o ton de voz e os xestos ao dirixirse a outros -Evitar molestalos con accións ou expresións



<p>-Aplicar de inmediato a sanción de privación do xogo no banco de fóra. - Rexistrar as incidencias graves nun parte de recreo para seguimento e orientación dos alumnos.</p>	<p>-Controlar a reacción de desgusto ou enfado contra os demais -Ter unha actitude de axuda. -Ter unha actitude de acollida con todos e especialmente co que se atopa sen compañeiros. -Respectar e facilitar o xogo dos demais -Respectar e facilitar o traballo dos demais membros do centro. (limpadora,conserxe,cociñeiros...)</p>
<p>5º - Entrada do recreo Cando toque o timbre é necesario que tódolos alumnos e alumnas esteñan calados e formales nas filas para entrar.</p>	
<p>Idem pola mañá</p>	<p>Idem pola mañá</p>

<p>6º- Saída ao comedor Cando o mestre/a indique saír, colocaranse en orde, na fila .</p>	
<p>Mestras e mestres</p>	<p>Alumnos e alumnas</p>
<p>-Cada mestre/a encargarse de que os alumnos que atende nese momento poidan ir lavar as mans.(Cada curso na súa planta correspondente). -Os mestres de infantil acompañaran aos seus alumnos de comedor cinco minutos antes do toque do timbre.</p>	<p>-Colócanse na fila e saen detrás do mestre en fila, sen saír dela. -Agardan na entrada a que a colaboradora correspondente lles de paso ao comedor. - Esperan sentados á mesa en silencio e sen empezar a comer o pan nin a beber auga ata que o profe encargado diga que xa se pode empezar porque están todos.</p>



7º Saída do comedor.

Cando o colaborador/a o indica formaran fila para saír en orde.

-Cada colaborador sae diante da fila da súa mesa cando teñan rematado todos e as mesas ben recollidas.

-Se está bo día sairán directamente para fóra sen ir á aula en ningún momento. (Só Educación Infantil).

-As persoas de garda aplicarán de inmediato a sanción de privación do xogo no banco de fóra (en caso de necesidade avisarán ao director).

-No tempo de recreo só se utilizan os baños do galpón.

-As persoas de garda tocarán o asubío cinco minutos antes para avisar de que é hora de asearse para entrar.

Posteriormente farán filas e xa non se permitirá ir ó baño dentro.

-Colócanse na fila detrás do colaborador cando o indique.(non antes de ter rematado e recollido todos).

-Educación Infantil van ás aulas correspondentes recoller gorras ou a vestimenta de abrigo.

Non deben correr pola aula nin molestar aos demais.

-Se fai bo tempo saen ao patio para a zona delimitada para infantil e zona cuberta.

-Cando chove pouco estarán na zona cuberta do patio e galpón.

-Se chove moito ou fai temporal no corredor da planta baixa con vídeo.

-Durante o recreo se teñen necesidade irán ós baños do galpón.

-Educación Primaria se fai bo tempo sairán ao patio sen ir a aula (deberan ter as gorras e vestimenta de abrigo que baixaron da aula) tendo a opción de biblioteca e xogos.

-Se chove pouco van ao patio cuberto sen pelota tendo a opción de biblioteca e zona de xogos.

-Se chove moito ou fai temporal irán a audiovisuais, a biblioteca ou xogos no corredor da 2ª planta .

Estas condutas serán consensuadas nas aulas mediante un procedemento establecido polo Dpto. de Orientación e aprobado na Comisión de Coordinación Pedagóxica no que se garante a participación e implicación do alumnado na elaboración das mesmas.

**GRADACIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS
MEDIDAS CORRECTORAS**

Na corrección das condutas contrarias á convivencia o alumnado estará suxeito ás seguintes medidas.

Tipo	Comportamento	Nº de faltas	Consecuencia
GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA: Faltar ao respecto ás persoas, agredir, acosar, coaccionar, suplantar	- non obedecer deliberadamente a profesores e outros adultos:	1	Comunicación aos pais Petición de disculpas Tarefas correctoras
	- ter actitudes ou xestos ofensivos a profesores e outros adultos:	1	Entrevista cos pais Petición de disculpas Tarefas correctoras
	- contestar mal-insultar a profesores e outros adultos:	1	Entrevista cos pais Petición de disculpas Tarefas correctoras
	- agresión verbal grave e reiterada (insultos) aos compañeiros	3	Entrevista cos pais Disculparse Apartar do xogo/grupo Programa Habilidades sociais
	- agresións físicas graves-empuxós, golpes aos compañeiros:	1	Disculparse Apartar do xogo/grupo Programa Habilidades sociais
	- agresións emocionais continuadas- non aceptar no xogo, rexeitar, incitar aos demais a rexeitar.	1	Entrevista cos pais. Disculparse Programa de habilidades sociais
	- molestar-interrumpir reiteradamente ao profesor e compañeiros	3	Apartar do grupo Recuperar en tempo de lecer
LEVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A	- non atender ás explicacións	3	Recuperar en tempo de lecer
	- non esforzarse o mínimo para facer as tarefas e aprender	3	Recuperar en tempo de lecer



CONVIVENCIA:	- romper, estropear adrede o material dos demais , da aula ou do centro.	1	Repoñer o material ou traballos á comunidade
Faltar ás obrigas no estudo.	- estropear o propio material por descuido	3	Pasar a limpo
Descuido co material	- causar dano a outros por descuido	1	Amoestación Repoñer-resarcir
Incumprir por descuido	- incumplir normas nas entradas e saídas por descuido	3	Amoestación

5. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Tal como establece o Decreto 8/2015, Artº 8.4.d / Artº 13.h / Artº 25 á xefatura de estudos correspóndenlle:

- a) Organizar a atención educativa do alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.

A Aula de convivencia inclusiva ten o propósito de substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible. Neste Centro non se considerou oportuno adoptar esa sanción en ningún caso pero sí apartar momemntáneamente da aula a un alumno que interrompa de forma continuada o desenvolvemento da actividade.

- a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva:
O Alumnado que sexa apartado momentáneamente do grupo será remitido pola Xefa de de Estudos ao Dpto. de Orientación con tarefa para realizar. A continuación terá unha sesión curta de traballo coa Orientadora para reflexionar sobre o conflito plantexado e a continuación realizará a tarefa no propio Dpto. De non estar a orientadora será a xefa de estudos a encargada de organizar a súa atención.
- b) O profesorado que atenderá na aula de convivencia inclusiva, **poderá ser profesorado de garda**. En todo caso, **correspóndelle ao profesorado encargado da** aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.



6. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Segundo o *Decreto 8/2015 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* no seu artigo 6 :

A comisión de convivencia de cada centro constituírse no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre homes e mulleres de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos.

Neste caso a súa composición será:

Director	V. Eduardo Iglesias Villar
Xafa Estudos	Inés Vázquez Cascudo
Profesorado	M^a Carmen Torrente García
Dpto. Orientación	Erundina García Leiras
Pai/nai/representante legal do alumnado	Manuela Vilar Fariña
	Javier Pérez Mato
Persoal non docente (PAS)	Juán Antonio Santor

O réxime de funcionamento, composición e desenvolvemento das función de convivencia concretarase do seguinte xeito. As súas funcións están descritas no artigo 6.4. de dito decreto. Reunirase de maneira trimestral, e con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, ben por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

1º trimestre: constitución da comisión de convivencia. Designación da persoa que actuará como secretaria. Elaboración / Revisión do Plan de convivencia. Proposta de concreción do Plan de convivencia para o curso.

2º trimestre: Seguimento das actuacións do programa do curso. Seguimento da situación de convivencia do centro. Seguimento e información das incidencias e procedementos de resolución.

3º trimestre: Seguimento das actuacións e programas do curso. Seguimento da situación da convivencia no centro. Seguimento e información das incidencias e procedementos de resolución. Elaboración do informe-memoria anual con propostas para o seguinte curso.



Cando a Comisión de convivencia o considere, co obxecto de que se informen das respectivas competencias poderá pedir asesoramento doutros servizos: Departamento de orientación, profesorado titor, educador social, asociacións do sector, etc.

7. PROTOCOLOS

Os protocolos que se deben seguir nun centro educativo na nosa comunidade autónoma están recollidos na páxina web da Xunta de Galicia EDU CONVIVES (Estratexia Galega de convivencia escolar)

- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de Protección de datos.
- Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020. Informe de diagnose.
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativos e sanitario.
- Protocolo de Atención educativa domiciliaria.
- Protocolo de Urgencias Sanitarias e enfermidade crónica.
- Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN ENTRE CENTRO, FAMILIA E CONTORNO ESCOLAR

O Plan de Convivencia forma parte do Proxecto Educativo (PE) e inclúese na Programación Xeral Anual (PXA). No PE están incluídos os fins educativos que orientan ó Plan de Convivencia. Na PXA incorpóranse as actuacións previstas no Plan de Convivencia para o curso académico.

Do mesmo xeito á xefa do Departamento de Orientación poderá asesorar ao Equipo Directivo, á Comisión Pedagóxica e ao profesorado cando se precise. Polo que é de resaltar que no Plan de Orientación (PO) anual se deberán ter en conta as directrices previstas no Plan de Convivencia e tamén no Plan de Acción Titorial (PAT), prestar atención á educación na convivencia na resolución de conflitos.



O Equipo Directivo e o profesorado, máis concretamente os titores, son as persoas encargadas do día a día e de trasladar as inquedanzas existentes á CCP.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACION
Establecer reunións docentes.	Intercambiar experiencias e inquedanzas.	Profesorado Equipo Directivo	Ao longo de todo o curso.
Establecer contacto coas familias.	Reunións inicio de curso.	Mestre/a-Titor/a Familias	Ao inicio de cada curso escolar.
Establecer contacto coas familias individualmente.	Entrevistas e titorías personalizadas.	Mestre/a-Titor/a Familias	Ao longo de todo o curso escolar, ao menos unha por trimestre.
Contactar con organismos e organizacións.	Buscar apoio ou consulta de información en todos os servicios externos.	Profesorado. Equipo Directivo. Familias Concello Organizacións Atención temperá	Ao longo de todo o curso escolar.

8. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativo. Así é que a consellería facilitará a súa difusión por diferentes medios, das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar. Polo que tras a aprobación e difusión do Plan de Convivencia tanto no Claustro como no Consello Escolar difundirase a través de multitude de medios: conferencias, reunións co profesorado, coas familias, a través da páxina web do centro, na secretaría do centro...

O profesorado de todo o centro traballará a resolución de conflitos e recordará as normas de convivencia. O profesorado titor incluírá o tema da convivencia nas reunións trimestrais de pais e desenvolverá o programa de habilidades sociais ao longo de todo o curso. E o equipo directivo exporá o plan de convivencia ante toda a comunidade educativa así como tamén as súas normas de convivencia para que sexa coñecido e aplicado no centro de maneira útil e eficaz.



10. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

A persoa responsable da dirección do centro garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da comunidade educativa. O resto do profesorado fará unha análise inicial do grupo para detectar posibles problemas de convivencia e expoñerá propostas de actuación.

O seguimento farase de xeito trimestral pola Comisión de Convivencia Escolar, esta elaborará ao final de cada curso escolar a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, en relación aos datos, actuacións e conclusións obtidas no proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren oportunas.

O Consello Escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia aprobará dita memoria do plan de convivencia e formará parte da memoria anual de centro e no PE.

No tocante á avaliación do plan realizarase atendendo a varios criterios:

- O grao de implicación e consecución dos obxectivos programados.
- Participación e valoración do alumnado e profesorado.
- Implicación e coordinación do Plan no centro.
- Partes de intervención do programa de habilidades sociais e patios inclusivos.
- Medidas correctoras aplicadas.
- Informes elaborados.
- Avaliación do proceso e dos resultados.

Algúns dos instrumentos de avaliación utilizados son os cuestionarios da Consellería de Educación que debe cubrir o alumnado, o profesorado e as familias unha vez por curso escolar, rexistros do cumprimento do plan, observación directa por parte de toda a comunidade educativa, memorias do centro...



ANEXO 1

AVALIACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO CUESTIONARIO PARA O PROFESORADO

1.- Como consideras a relación entre o profesorado do Centro?

- Boa
- Regular
- Normal
- Mala

2.- Consideras que as familias colaboran co Centro na educación dos seus fillos/as?

- En xeral, si
- Colaboran pouco
- Só lles importa que os nenos aproben

3.- Sínteste valorado e respectado polo resto do profesorado?

- Si
- Non
- Por uns si e por outros non
- Normal

4.- Sínteste valorado e respectado polos alumnos?

- Si
- Non
- Por uns si e por outros non
- Normal

5.- Sínteste valorado e respectado polas familias?

- Si
- Non
- Por uns si e por outros non
- Normal

6.- Como procedes cando tes un problema na aula?

- Hai un procedemento establecido e sígoo



- Comunícollo ó xefe de estudos ou ó titor
- Resolvo eu mesmo a miña maneira

7.- A disciplina no Centro debe ser cousa de:

- Os profesores
- Os profesores e os alumnos
- Os profesores, os alumnos e asa familias

8.- Se o profesorado adoptase criterios conxuntos na aplicación da disciplina melloraría a convivencia?

- Xa nos reximos por uns criterios adoptados conjuntamente
- Si, sempre que se implique todo o profesorado
- Si, se tamén se implican as familias
- Non melloraría

9.- Se os alumnos participaran na elaboración das normas de disciplina, melloraría a convivencia?

- Xa participan
- Si
- Non
- Na disciplina, os alumnos non teñen nada que decir

10.- Pensas que os pais e as nais deben participar na elaboración das normas de convivencia?

- Si, debería haber reunións conxuntas para elaborar as normas
- Non
- No Consello Escolar xa se informan

11.- Os problemas máis frecuentes que te atopas na aula son:

- Falla de atención, desmotivación e aburrimiento
- Interrupcións na clase, chamadas de atención
- Discusións co profesor
- Discusións entre eles
- Alumnos rexeitados, que non participan, non falan, non xogan...
- Alumnosque reciben bromas, burlas, apodos e/ou insultos
- Alumnos que abusan: chillan, métense con, presumen, rexeitan...
- Alumnos que responden con agresividade verbal ou física

{ Numéraas segundo a seguinte clave: 0 (nada), 1 (pouco), 2 (bastante), 3 (moito)}



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"
Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-

Tfno.: 982 870383
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>
email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

12.- As causas máis comúns destes problemas consideras que son:

- Falla de habilidades sociais
- Falla de hábitos e pautas educacionais
- Resentimento por problemas familiares
- Resentimento porque non podemos atender adecuadamente a diversidade

(Valoraas segundo a clave da pregunta nº. 11)

13.- Como cres que influes ti como mestre/a no convivencia na aula?

- Non teño influencia, iso depende das familias
- Na forma de manter a disciplina (moita riña causa máis tensión e o ton amistoso, máis relaxación.)
- Na proposta de actividades (se non están axeitadas ó que lles gusta e poden facer, rebótanse máis)
- Na valoración en voz alta dos alumnos (os compañeiros acaban opinando e el/ela creendo o que escoltan)

{Valóraas por orde de importancia: 1(a que máis), 4 (a que menos)}

14.- Cales poderían ser as túas propostas para mellorar a convivencia no Centro?



AVALIACIÓN SOBRE A CONVIVENCIA NO CENTRO
Anexo cuestionario profesorado

(Arrodea a opción que consideres máis axustada a túa experiencia no centro)

1. Polo que se refire ó clima de convivencia, como ves a relación entre os profesores do Colexio?
 - a. Creo que hai bo clima e entendemento.
 - b. Creo que se mantén a harmonía por encima do entendemento.
 - c. Parece que hai bo clima pero hai tensións soterradas e xente a disgusto.
 - d. Outros(especificar).....
.....

2. Cando hai un desacordo ou conflito como se actúa?
 - a. Convócase nunha xuntanza e póñense as opinións sobre a mesa libremente.
 - b. As opinións coméntanse en grupos pero non se expoñen nas xuntanzas para non crear tensións.
 - c. As discusións convertense en enfrontamentos persoais e non se consegue nada.
 - d. Outros(especificar).....
.....

3. En que medida experimentas persoalmente situacións de mal clima?
 - a. Con frecuencia.
 - b. Ocasionalmente.
 - c. Case nunca.

4. Que tipo de conflitos as causan?
 - a. Sobre as normas e o cumprimento.
 - b. Sobre as actitudes entre compañeiros.
 - c. Sobre plantexamentos educativos
 - d. Outros(especificar).....
.....
.....



AVALIACIÓN SOBRE A CONVIVENCIA NO CENTRO CUESTIONARIO PARA O ALUMNADO

(Arrodea a opción que consideres máis axustada a túa experiencia neste centro)

5. Marca se habitualmente che ocorre algunha destas cousas cos compañeiros:
 - a. Danche empurróns patadas, puñetazos, etc.
 - b. Agóchanche cousas, cámbianchas de sitio, róubanche obxectos, etc.
 - c. Bérranche, burlanse de ti, insúltante, pónenche alcumes, etc.
 - d. Non che deixan participar en xogos ou en conversas, non queren sentarse ó teu carón.
 - e. Déixante só no patio, fan grupos ou parellas sen contar contigo.

6. Sinala en que lugar ocorren estes feitos
 - a. No patio.
 - b. Na aula.
 - c. Nos aseos.
 - d. No comedor.
 - e. Fóra do colexio.
 - f. No transporte.

7. Cantas veces che pasou
 - a. Algunha, poucas.
 - b. Bastantes veces.
 - c. Case tódolos días.

8. Por que cres que se portan así contigo?
 - a. Polo meu aspecto físico (características, defectos).
 - b. Pola miña forma de ser.
 - c. Porque son doutra raza, país, cor de pel.
 - d. Outros motivos.

9. Cando che ocorre algún destes feitos, a quen llo contas?
 - a. Aos maestros ou maestras.
 - b. Aos compañeiros ou compañeiras.
 - c. Aos meus pais
 - d. A outras persoas.
 - e. A ninguén.

10. Algunha vez ti fixeches algunha desas cousas (as que che fan a ti) a outro compañeiro ou compañeira.
 - a. Sí, moitas veces.
 - b. Sí, algunha vez.
 - c. Non, nunca.



11. Se contestache que sí, que foi o que ti lles fixeches?
- Dar empurróns patadas, puñetazos, etc.
 - Agóchar cousas, cámbianchas de sitio, róubanche obxectos, etc.
 - Bérrar, burlanse insúltar, póñer alcumes, etc.
 - Non deixar participar en xogos ou en conversas, non querer sentarse ó carón.
 - Déixar só no patio, facer grupos ou parellas sen contar con alguen.

12. Coñeces algún neno ou nena ó que lle fagan esto?
- Sí
 - non

13. Escribe o nome dese neno ou nena e ó lado o que lle fan
-
-

14. Sénteste mal (triste) ou moléstache algunha cousa que che din ou che fan os mestres ou adultos?
- Sí, moitas veces.
 - Sí, algunha vez.
 - Non, nunca.

15. No caso de responder que sí, Cal ou cales?
-
-

16. Estás a gusto na aula?
- Sí, moito.
 - Normalmente sí.
 - Non, non o paso ben

17. Estás a gusto e no cole?
- Sí, moito.
 - Normalmente sí.
 - Non, non o paso ben.

18. Que habería que cambiar para que te atoparas máis a gusto?
-
-

19. Coñeces as normas que hai que respetar no centro?
- Sí
 - Non



20. Quen as puxo?
- Mestres e directora
 - Alumnos e mestres

AVALIACIÓN SOBRE A CONVIVENCIA NO CENTRO CUESTIONARIO PARA AS FAMILIAS

(Arrodea a opción que consideres máis axustada a túa experiencia no centro cos teus fillos)

21. Polo que se refire ó clima de convivencia, como ves a relación entre os profesores do Colexio?
- Creo que hai bo clima e entendemento.
 - Creo que deberían mellorar as relacións.
 - Non sei.
22. Como ves a relación entre os alumnos do Colexio?
- Creo que hai bo clima entre os compañeiros de aula e de centro.
 - Creo que hai bo clima so entre os compañeiros de aula.
 - Creo que debería facerse algo para melloralo.
 - Non sei.
23. Como ves a relación entre os profesores e os alumnos do Colexio?
- Creo que hai un clima agradable e respecto mútuo.
 - Creo que debería mellorar o respecto do profesorado ó alumnado.
 - Creo que debería mellorar o respecto do alumnado ó profesorado.
 - Non sei.
24. Como ves a relación entre os profesores e as familias?
- Creo que hai un clima agradable e respecto mútuo.
 - Creo que debería mellorar o respecto do profesorado ás familias.
 - Creo que debería mellorar o respecto das familias ó profesorado.
 - Creo que debería mellorar a confianza entre ambos.
 - Non sei.
25. Como cres que se atopa o teu fillo/filla no Colexio?
- Moi a gusto.
 - Bastante a gusto.
 - A disgusto.
26. Como cres que se atopa o teu fillo/filla na súa relación co profesorado?
- Moi a gusto.
 - Bastante a gusto.
 - A disgusto.
27. Como cres que se atopa o teu fillo/filla na súa relación cos compañeiros?



- a. Moi a gusto.
- b. Bastante a gusto.
- c. A disgusto.

28. Os problemas máis frecuentes dos que téis noticia son son:

- a. Agresións: empurróns patadas, puñetazos, etc.
- b. Agóchan cousas, cámbianas de sitio, róuban obxectos, etc.
- c. Burlanse, insultan, pónen alcumes, etc.
- d. Non deixan participar en xogos ou en conversas, non queren sentarse según con quen.
- e. Déixan só no patio, fan grupos ou parellas sen contar con alguén.

29. As causas máis comúns destes problemas consideras que son:

- a. Falla de atención por parte do centro.
 - b. Falla de hábitos e pautas educacionais na casa.
 - c. Problemas persoais do neno ou nena.
 - d. Outras (di cales).....
-

30. En xeral, cando téis un problema. Como procedes?

- a. Comunicollo ó xefe de estudos ou ó titor.
- b. Comento con outros pais.
- c. Resolvo eu mesmo á miña maneira.

31. Cres que o labor do profesorado en relación coa convivencia é?

- a. Boa.
- b. Regular.
- c. Mala.

32. As normas que ten o centro en relación coa convivencia?

- a. Son as axeitadas.
- b. Habería que melloralas.
- c. Non as coñezo ben.

33. Participas nas actividades ás que te convida o centro (festivais, charlas, reunións)?

- a. Sempre.
- b. Regularmente.
- c. Case sempre.
- d. Case nunca.

34. Consideras suficientes as oportunidades de participar que o centro ofrece ós pais?

- a. Si.
- b. Non.

35. En que outras actividades che gustaría participar.

.....

.....

36. Ao longo do curso vas ao centro para informarte na titoría?

- a. Con frecuencia
- b. Dúas ou tres veces no curso
- c. Case nunca



37. Que tipo de iniciativas cres que se deberían levar a cabo para mellorar a convivencia?

.....
.....
.....

38. Cres que moitas familias séntense perdidas e necesitan axuda para manexar certos problemas de convivencia que se dan na casa?

- a. Si.
- b. Non.

39. Quen cres que debe ser o encargado de ensinar aos alumnos e alumnas a respectar as normas básicas, a comportarse correctamente e a respectar aos demais?

- a. Debe ser unha tarefa do Centro.
- b. Debe ser unha tarefa das familias.
- c. Centro e familias deberían actuar conjuntamente.

40. Como cres que se deberían solucionar os problemas de convivencia que se producen entre o alumnado?

- a. Débeno solucionar entre eles e os adultos quedar á marxe.
- b. Son os profesores os que teñen que intervir para solucionalo.
- c. Debe ser a familia a interveña unha vez informada.
- d. Deberíamos participar todos , profesores, pais e alumnos.

Gracias por colaborar



ANEXO 2

ÁREA: Habilidades básicas de interacción social

HABILIDADE: Saudar

OBXECTIVO: Que o/a alumno/a saúde a nenos, nenas e adultos nas situacións axeitadas.

1- INSTRUCCIÓN VERBAL

¿Que é? Saudar

Ex: “¿Quen pode dicirme que é saudar a outra persoa?, ¿Quen saudou hoxe a alguén?, ¿Onde?, ¿Como o fixeches?, ¿Que fixo a outra persoa?, ¿Por que cres ti que fixo/dixo iso?

¿Por que é importante?

“Toni, ¿para que che serve a ti saber saudar?, ¿E a ti María? ¿Que pasaría se non saúdas á mestra cada mañá? Imaxina que é domingo e atopas a Miguel que é un compañeiro da clase que está paseando polo parque e ti non o saúdas, ¿Que sentirá el?, ¿Que pasará despois?”

¿Cando utilizala?

“¿Quen pon un exemplo de cando é axeitado saudar?, ¿Cando é necesario?, ¿cando non é necesario saudar a outro compañeiro? ¿Saudar a un adulto descoñecido que nos atopamos pola rúa é axeitado? ¿Por que?”

¿Como utilizala?

- 1- Achegarse á outra persoa. Mirala á cara e aos ollos. Sorrir.
- 2- Dicar frases e formas verbais de saúdo: Ola, Bos días, ¿que tal estás?...
- 3- Utilizar xestos e expresión facial de saúdo: dar a man, dar unha palmada, bico, aperta...
- 4- Mostrar, mediante expresión verbal e xestual a emoción e o sentimento que che produce o atopar a esa persoa (principalmente se ese sentimento é positivo) ¡Canto me alegro de verte!
- 5- Dicar fórmulas de iniciación e/ou mantemento, se queremos continuar a interacción , ou de despedida se queremos finalizala. “¿Podes quedarte un rato con nos? ¿Que ben que nos atopásemos, pero agora teño que marchar!”.
- 6- Responder correctamente ao que outra persoa nos vaia dicindo.

2- MODELADO

A mestra e/ou outros alumnos e alumnas modelan varios exemplos da habilidade de saudar.



“Esta mañá cando saía da miña casa para vir ao colexio, ao entrar no ascensor atopeime co meu veciño do 8º piso, entrei no ascensor, mireino, boteille un sorriso e díxenlle: Bos días Xulio, ¿que tal estás?. El miroume e díxome: Moi ben, ¿e ti?. Contestei que estou moi ben e como xa estabamos chegando abaixo, despedímonos: ¡Adeus! ¡Ata logo!”.

A mestra anima a algún neno ou nena que posúa a habilidade de saudar para que sirva de modelo ante os seus compañeiros.

Exemplos para o modelado

- Cando saes do baño e te atopas no corredor coa profesora da clase do lado
- O domingo no parque atopas aos compañeiros do colexio
- Vas de paseo cos teus pais e atopas ás túas primas.
- Tes que saudar a un neno da outra aula e dáche moito apuro.

3- PRÁCTICA

Dramatización

Alumnos/as: 1-Divídense grupos de tres ou catro. Cada grupo é unha familia: o pai e/ou a nai, fillas e fillos. Imos de paseo e atopamos a outra familia coñecida. Temos que saudar .
2- Seguen os pasos para o saúdo vistos con anterioridade.
3- Cambio de papeis.

Profesor: 1- Supervisa
2- Reforza as diferentes formas de iniciar.
3- Prové de feedback.
4- Pide que se practique de novo a habilidade.
5- Suxire cambios.

Práctica oportuna

¿Que é? A mestra ten que aproveitar as diferentes situacións que se producen na aula, no colexio... nas que hai que usar o saúdo de forma natural. Por exemplo: cando chegan á clase pola mañá, cando chega alguén á clase...

4 y 5- FEEDBACK E REFORZO

Profesor: - Informa ós alumnos/as de cómo executaron a habilidade.
- Reforza as condutas correctas.
- Dá pistas para mellora-las situacións que non foran correctas

Exemplo: “Moi ben Anxeles, díchelle a man a Xosé mirándolle á cara e preguntándolle como está”
“Ricardo, cando volvas a saudar faino nun ton de vos mais baixo, ¿queres intentalo de novo?”



6- TAREFAS

- Saudar a nenos e nenas da túa idade no teu barrio
- Saudar a adultos coñecidos
- Observar e anotar cantas veces ao día saúdas a outros nenos e nenas

OBSERVACIÓNS

Habilidades relacionadas: Sorrir; iniciar conversas.

ÁREA: Habilidades para facer amigos e amigas.

HABILIDADE: Iniciacións sociais

OBXECTIVO: Que o/a alumno/a inicie interaccións de xogo, conversación ou actividade con outros nenos e nenas na clase, na escola ou na comunidade.

1- INSTRUCCIÓN VERBAL

¿Que é? Empezar a relacionarse con outra persoa

Ex: "Carmelo, ¿que entendes ti por iniciar ou empezar a relacionarse?, ¿cándo iniciaches ti unha relación con outro neno?, ¿que fixeches ti?, ¿cando o fixo outro compañeiro?, ¿que ocorreu?"

¿Por que é importante? Permítenos relacionarnos con outras persoas, coñecer xente e facer amigos e amigas.

"María, ¿por que cres ti que é importante saber empezar unha relación con outra persoa?, ¿e para ti Milagros?, ¿como che sentes ti cando inicias un contacto con outro neno/a?; e o outro neno, ¿como cres ti que se sente? Pedro, ¿que pasará se ti non sabes iniciar unha relación con outro neno?, ¿e se a empezas mal?, ¿quen nos di que máis pode pasar?"

¿Cando utilizala? - Situacións adecuadas: cando estou aburrido no recreo, cando quero falar de algo con outra compañeira, cando quero que outra nena xogue comigo.

- Situacións non adecuadas: cando estás a gusto ti só e non queres relacionar che con ninguén, nunha situación moi descoñecida ou con adultos estraños

¿Como utilizala?

1. Decidir e/ou atopar o neno/a con quen falar, xogar ou facer algo.
2. Elixir o momento e lugar adecuado.
3. Achegarse á outra persoa, mirala e sorrirlle.
4. Dicar ou facer algo que axude a iniciar a interacción e que favoreza unha resposta positiva:
 - Saudar: ¡Ola!



- Presentarse: Eu chámome..., o meu nome é...
 - Pedir información: ¿como che chamas?, ¿onde vives?, ¿cantos anos tes?
 - Facer unha invitación explícita: ¿queres xogar comigo? ¿gustaríache ver o libro novo que teño?...
5. Responder adecuadamente ao que di a outra persoa, para mante-la conversación ou actividade e que resulte agradable para ambas partes.
6. Buscar alternativas se a outra persoa non nos responde ou nos rexeita: insistir, cambiar a táctica, pedir que xogue ou faga algo diferente, buscar a outra persoa.

2- MODELADO

O profesor e/ou outros alumnos modelan exemplos da habilidade:

“É a hora do recreo e estamos no patio. Eu estou aburrido e quero pasa-lo tempo, falar ou xogar cun compañeiro. Vexo a Puri que está sentada nun banco e gustaríame falar con ela. Sé que teño que achegarme a ela, saudala e pedirlle que xogue comigo. ¡Tratarei de facelo correctamente! Achégome a ela, míroa, sorríolle e dígolle: “¡Ola Puri! ¿Que estás facendo?”. Cando me contesta preguntolle: “¿queres que xogemos á pelota?”. Puri dime que si; levántase do banco e empezamos a xogar. Durante o tempo que dura o xogo, falo con ela, ríome e dígolle algo positivo: “¡que ben o estou pasando xogando contigo!”. Eu estou contento porque fixen todo ben e pasei un recreo moi agradable”.

Outras formas de inicia-la relación:

- Dar información sobre un mesmo e pedir información ao outro: eu vivo na rúa... ¿e ti?
- Facer un comentario sobre a situación: ¡que calor fai!
- Facer unha pregunta ou observación sobre o que a outra persoa está facendo: ¿cantas pezas ten ese crebatesta que estás facendo?

Outros exemplos para o modelado:

- Hai unha compañeira nova na clase e gustaríache falar con ela.
- Ocorreuche algo importante e queres contarllo a alguén.
- Amparo, que vai no autobús sentada á beira de Iván, quere falar con el e comentar sobre os preparativos das festas do colexio.

3- PRÁCTICA

Dramatización

- Alumnos/as:
- 1-Divídense en dous grupos. Imaxinan que están no recreo e que os dous grupos non se coñecen; os dun grupo van buscar a alguén do outro grupo e inician unha relación.
 - 2- Seguen os pasos vistos con anterioridade.
 - 3- Imitan as condutas modeladas polo profesor.



- 4- Danse autoinstrucións.
- Profesor:
- 1- Supervisa.
 - 2- Reforza as diferentes formas de iniciar.
 - 3- Prové de feedback.
 - 4- Pide que se practique de novo a habilidade.
 - 5- Suxire cambios.

Práctica oportuna

¿Que é? O profesor estimula ós nenos/as para utilicen a habilidade en situacións de aula en que sexa oportuno facelo. Por exemplo: cando teñen que buscar compañeiro/a para un traballo en equipo.

4 y 5- FEEDBACK E REFORZO

- Profesor:
- Informa ós alumnos/as de cómo executaron a habilidade.
 - Reforza as condutas correctas.
 - Dá pistas para mellora-las situacións que non foran correctas

Exemplo: "Sebas, invitaches a xogar ó teu compañeiro perfectamente; sorrícheslle, saudácheslle y pedícheslle que xogue contigo".

6- TAREFAS

- Empezar a falar cun compañeiro de clase cando o profesor/a os permite facer actividades libres.
- No recreo, iniciar xogos ou conversas con nenos/as de outras clases.
- O fin de semana, iniciar relación con polo menos dous nenos/as da túa idade.

OBSERVACIÓNS

Habilidades relacionadas: Saudar; presentarse; iniciar conversas.



ÁREA: Habilidades relacionadas cos sentimentos, emocións e opinións.
HABILIDADE: Expresar emocións
OBXECTIVO: Que o/a alumno/a en situacións interpersoais, exprese de modo adecuado as súas emocións, sentimentos e afectos

1- INSTRUCCIÓN VERBAL

- ¿Que é?* - comunicar a outra persoa o noso estado de ánimo ou sentimentos.
- comunicar a outra persoa os sentimentos que nos provoca.

Papel do profesor/a	¿Cómo facelo?
1- Axudar a identificar emocións positivas e negativas	“Que levanten a man os nenos e nenas que se senten alegres. Agora os que se senten enfadados. ¿Quen está triste? Nuria, ¿por que estás alegre? ¿Como notas que estás alegre? Víctor ¿por que estás enfadado?”
	“Mª Jesús, o teu papá fixo a túa comida favorita, ¿como che sentirás?, ¿que lle dirás? Pepi, a túa amiga chega unha hora máis tarde á vosa cita, ¿como che sentirás?, ¿que lle dirás?”
	“¿Quen me pon un exemplo dunha situación na que se sentiu moi ben con outra persoa?, ¿Por que? ¿E un exemplo dunha situación na que se sentiu moi mal?, ¿que pasou?, ¿que fixeches?, ¿que fixo e dixo a/s outra/s persoa/s?”
2- Facer que os alumnos “escoiten” o seu corpo	“¿Cómo notas ti que estás alegre?, ¿que che pasa cando te dan unha boa noticia?, ¿que sentes no teu corpo cando estás triste? Cristina, ter o ceño fruncido, ¿cómo te sentes?, ¿que che pasou para que te sintas así?”
3- Busca-la causa que provocou esa emoción	“¿Por que me sinto así?, ¿que pasou?, ¿que pensei?, ¿que fixen?”
	“¿Por que estás enfadado?, ¿que ocorreu?, ¿que pensaches?, ¿que fixeches?, ¿que fixo a outra persoa?”
O largo do proceso, resalta-lo dereito á privacidade de emocións e sentimentos, destacando a importancia de expresa-las propias emocións.	

¿Por que é importante?

- 1- Permítenos facer partícipes aos demais da nosa felicidade
- 2- Axuda a que as outras persoas comprendan o noso modo de actuar e se é necesario axúdenos.

¿Cando utilízala? - Decidir o momento e lugar adecuado.

- Elixir ás persoas adecuadas.

¿Cómo utilízala?



- 1- Darse conta e notar a emoción.
- 2- Identificar as razóns, causas e antecedentes.
- 3- Expresar esa emoción: - Buscar o momento e lugar.
 - Describir breve e claramente como che sentes.
 - Dar as razóns e causas se é oportuno.
 - Agradecer á outra persoa por escoitarche.
- 4- Buscar modos para intensificar emocións positivas e reduci-las negativas.
Darse conta e nota-la emoción.

2- MODELADO

Papel do profesor/a	Exemplo
Modela-la identificación dos propios sentimentos (atender a sinais corporais, pensamentos e causas)	“Estou moi contento porque me deron un boa noticia; este fin de semana vai vir Pablo que é o meu curmán preferido e ao que fai 2 meses que non vexo. Cando ao mediodía chamoume para darme a noticia, púxenme a saltar, o corazón latexábame máis rápido, empecei a berrar ¡bravo! (ata veu o meu pai para ver o que pasaba). pensei o ben que o imos a pasar.”
Modela-la expresión de sentimentos negativos e críticas	Estou moi enfadada. Onte quedei con Mauro para ir ao cine e non se presentou á cita. Quero facerlle notar o meu desgusto. Para iso: <ol style="list-style-type: none"> 1- Controlo o meu enfado (conto ata 10, reláxome...) e penso qué podo facer. 2- Elixo o momento e lugar adecuado: cando salgamos ao recreo podo falar a soas con el. 3- Achégome a el, saúdolle e describo a conduta que motivou o meu sentimento negativo: “Mauro, onte estiven esperándoches para ir ao cine e non che presentaches” 4- Expreso os meus sentimentos: “Sentoume moi mal porque estiven esperando na rúa e ao final non puiden ir ao cine; tiña moitas ganas de ve-la película pero non puiden ir porque como estiven esperándoches fíxose tarde e a película empezara”. 5- Pido e/ou suxiro un cambio de conduta: “Pídoche que a próxima vez non ocorra isto e que se non podes acudir á cita, avíesme”. 6- Escoito as súas razóns, se mas quere dar. 7- Reforzo á outra persoa por escoitarme: “Agradézoche que me escoitaches e espero que non volva ocorrer”.

Outros exemplos:

- O profesor felicitouche publicamente polo teu traballo de lingua. Estás moi contento e queres contarllo á túa amiga.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

EUCO

C.E.I.P. "JUAN REY"


Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

- Estás preocupado e desgustado porque Xavier acusouche de algo que ti non fixeches. Queres que Xavier saiba que estás desgustado.





3- PRÁCTICA

Dramatización

- Alumno/a:
- 1- Escenifica corporalmente cómo se siente.
 - 2- Verbalízao.
 - 3- Valora cómo se atopa e determina o seu grado de benestar.
 - 4- Identifica o seu estado emocional.
 - 5- Expresa a outros/as compañeiros cómo se siente.
- Profesor:
- 1- Recapitula: “¿Quen se sentiu moi mal?, ¿quen se sentiu moi ben?, ¿cantos sentimentos expresaches?, ¿que sentiches máis veces, sentimentos positivos ou negativos?, ¿que cosas novas aprendiches?, ¿que cosas interésache recordar?”
 - 2- Resalta ideas clave: ¿Cando tes unha emoción, ¿que sentes?, ¿que pensas?, ¿que fas?, ¿que dis?, ¿que pasou antes?, ¿que pasa despois?
- Outros exemplos:
- Vas a un concerto do teu cantante preferido.
 - Discutiches co teu mellor amigo.
 - Es nova na clase.

Práctica oportuna

- ¿Que é? O profesor estimula aos nenos/as para utilicen a habilidade en situacións de aula en que sexa oportuno facelo.
- ¿Como? El/ela mesmo/a fai utiliza a habilidade en situacións naturais: “Estou moi contenta e orgullosa de vós porque traballastes fenomenal esta mañá”; “estou moi desgustado convosco porque onte díxome o director que?”

4 y 5- FEEDBACK E REFORZO

- O profesor:
- Informa aos alumnos/as de como identificaron e expresado os seus sentimentos
 - Reforza as condutas correctas (“¡Bravo Angustias!, expresaches moi ben o medo que tiñas cando se che achegaba o can”)
 - Dá pistas para mellorar as situacións que non sexan correctas (“Procura poñer máis énfase ao expresar a alegría que che produce abrir o agasallo que che fixo a túa nai; expresa sorpresa coa cara ou di unha frase que mostre a túa impaciencia por abrir o paquete”)

6- TAREFAS

- No fin de semana expresar a nenos e nenas da túa idade emociónes e sentimentos positivos e negativos.
- Expresar enfado a un amigo por algo que che fixo e non che gustou.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

EUCO

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

OBSERVACIÓNS

Habilidades relacionadas: Área 5: Solución de problemas interpersoais; recibir emocións.



ÁREA: Habilidades de solución de problemas interpersoais

HABILIDADE: Buscar solucións

OBXECTIVO: Que o/a alumno/a busque diversas alternativas de solución de conflitos interpersoais que ten con outros nenos/as.

1- INSTRUCCIÓN VERBAL

¿Que é? Xerar e producir moitas alternativas de solución posibles ó problema interpersoal que se ten plantexado.

Ex: O teu irmán négase a baixar o lixo e hoxe tócalle a el.

“¿Cal é o problema?, ¿como se sinte a irmá?, ¿por que?, ¿e o irmán?, ¿por que?. Para solucionar este problema, ¿que podemos facer?, ¿que outra cousa podemos facer?, ¿que outra cousa se che ocorre a ti, Sabela?, ¿e a ti, Brais?, ¿alguén ten unha idea distinta?”

- ¿Por que é importante?*
- Permítenos elixir a solución máis idónea
 - Pódese elixir outra solución se unha fracasa.
 - Non dependemos de que outra persoa nos resolva os problemas.

¿Cando utilízala? Buscar situacións axeitadas e non axeitadas.

¿Como utilízala?

Dar resposta as seguintes preguntas:

- ¿Como se pode resolver o problema?
- ¿Que se pode facer e/ou dicir para solucionar o problema?
- ¿Que farías ti para solucionar o problema? ¿Que máis?
- ¿Qué outra cousa se podería facer?
- ¿Que outra cousa se che ocorre facer?
- ¿Que outra cousa farías se non podes facer o anterior?
- ¿Que outra forma pode haber de solucionar o problema?

2- MODELADO

A profesora e outros alumnos/as modelan a busca de solucións ante un problema. Autoinstruírase en voz alta para que os alumnos/as vaian observando como o fai e o que vai pensando.

“Pablo insultoume cando entrabamos no recreo e eu enfadeime moito porque ademais parecía que se estaba rindo de min. Teño que facer algo para solucionar este problema e que Pablo non me insulte outra vez. ¿Que podo facer? Podo insultalo eu tamén a el. ¿Que outra cousa podo facer? Podo pasar del e facer como se non me enterase. ¿Podo facer algunha cousa máis? Sí, podo dicirlle que quero falar con el e... A profesora continua xerando moitas alternativas de solución ó problema que ten plantexado”.

Exemplos suxeridos para o modelado:

- **Maruxa ten un xogo novo moi bonito, pides que cho deixe e ela diche que non. Queres que cho deixe.**



- **No partido, Óscar púxoche a zancadilla e mancácheste no xeonllo. Queres que iso non volva a pasar.**
- **Carlos proponche faltar á clase. Ti non queres.**

3- PRÁCTICA

Dramatización

- Alumnos/as: 1-Divídense en dous grupos. A cada equipo se lle plantexa un problema (a través de fotos, debuxos ou un problema real)
- 2- Entre tódolos alumnos/as teñen que buscar alternativas de solución.
- Profesor: 1- Estimula para que os nenos/as formulen múltiples solucións e que non sexan repetitivas, senón creativas.
- 2- Tratará de que os alumnos/as extraian unhas conclusións breves e claras que resuman os aspectos máis relevantes sobre a conveniencia de xerar múltiples e variadas alternativas:
- Teño que esforzarme en buscar moitas posibilidades de solución ós problemas que teño con outros nenos.
 - Tódolos problemas pódense solucionar de moitas maneiras, non duna soa.

Práctica oportuna

¿Que é? A profesora deberá aproveitar oportunamente os conflitos reais que se producen entre os alumnos/as na aula e no colexio en xeral (recreos, entradas e saídas...) e fará con eles unha análise da situación problemática. Neste caso trataríase de parar o conflito real que acaba de xurdir e entre todos buscar distintas formas posibles de solucionalo.

4 y 5- FEEDBACK E REFORZO

- Profesor: - A profesora eloxia cada nova alternativa de solución que os nenos/as aportan.
- O reforzamento se limita á produción de alternativas.
- Ante unha alternativa "negativa" (por exemplo agresiva) a profesora di: "esa pode ser unha solución, ¿qué outra cousa se pode facer para solucionar este problema?"

Exemplo: "Moi ben, Marcelo, propuxeches unha nova solución". "Esta é unha nova solución Maruxa; ¿quen nos di outra solución."

6- TAREFAS

- Nos problemas interpersoais que se presenten nesta semana, antes de actuar, buscar moitas formas de solucionar cada problema.
- Preguntar a amigos e a familiares como solucionarían eles distintos problemas interpersoais.
- Recompilar moitas formas de solucionar algún dos teus conflitos interpersoais.

OBSERVACIÓNS



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

Habilidades relacionadas: Toda a Área 5: Solución de problemas interpersoais.

Programa de habilidades



de interacción social

ÁREA: Habilidades básicas de interacción social.

HABILIDADE: Saudar.

OBXECTIVO: Que o alumno saúde a nenos, nenas e adultos nas situacións apropiadas



Situacións nas que esta habilidade é necesaria para o neno/a

- Polas mañás ó levantarse.
- Ó chegar á casa.
- Cando se atopa ós veciños na escaleira.
-

Puntos para o diálogo

- Importancia da habilidade de saudar para o neno/a e para os outros membros da familia. ¿Por que é importante o saúdo? Avantaxes de súdar. Inconvenientes de non facelo.
- Saúdos según as persoas. Saudar a nenos e nenas, xoves, adultos, anciáns, persoas coñecidas, descoñecidas, persoas que nos caen ben, mal, etc.
- Saúdos segundo as situacións. Saúdos na rúa, no ascensor, na tenda, no bar.

Pasos no ensino da habilidade

Para saudar a outras persoas o que hai que facer é:

1º.- Achegarse á outra persoa, mirala á cara e a os ollos e sorrir.

2º.- Dicar frases e formas verbais de saúdo: Ola, Bos días, ¿que tal estás, Sonia?, ¡Ola Pablo!, ¿Como che vai, Consuelo?

3º.- Utilizar xestos e expresións faciais de saúdo: dar a man, dar unha palmada, bico, aberta, etc.

4º.- Manifestar, mediante expresión verbal e xestual a emoción e o sentimento que che produce o atopar a esa persoa (principalmente se o sentimento é positivo). ¡Canto me alegre de verte!



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"
Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

5º.- Dicir fórmulas de iniciación e/ou mantemento se queremos continuar a interacción, ou de despedida se queremos finalizala. ¿Por que non te vés con nós e xogamos un pouco?. Sintoo moito, pero teño que irme rápido.

6º.- Responder correctamente ó que a outra persoa nos vaia dicindo.

Observacións

Habilidades relacionadas:

- Sorrir
- Iniciar conversas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"


Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

Programa de habilidades



de interacción social

ÁREA: Facer amigos e amigas

HABILIDADE: Iniciacións sociais

OBXECTIVO: Que o neno/a inicie interaccións de xogo, conversa ou actividades con outros nenos.



Situacións nas que esta habilidade é necesaria para o neno/a

- Cando está aburrido/a e quere xogar con alguén.
- Veñen á casa nenos que o neno/a non coñece.
- No parque, para empezar a xogar con outros nenos.
-
-

Puntos para o diálogo

- Iniciar significa empezar a relacionarse con outra persoa. Supón atopar a alguén e pedirlle que xogue, fale ou realice unha actividade con nós.
- Por que é importante para o neno/a saber empezar unha conversa, xogo, actividades con outros nenos. Que pasará se non sabe empezar interaccións cos demais.
- Cando e con quen é importante por en xogo esa habilidade.

Pasos no ensino da habilidade

Para iniciar unha relación con outro neno/a o que hai que facer é o seguinte:

1º.- Decidir e/ou atopar con que neno/a se quere falar, xogar ou facer algo.

2º.- Elixir o momento e o lugar adecuado.

3º.- Achegarse á outra persoa, mirala e sorrirlle.

4º.- Dicir ou facer algo que axude a iniciar a interacción problabe. Por exemplo: saúdo: ¡Ola!, presentarse: eu chámome....., o meu nome é.....; facer unha pregunta: ¿como te



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

chamas?, ¿onde vives?, ¿vas para casa?, ¿de onde es?...facer unha invitación explícita:
¿queres xogar comigo?

5º.- Unha vez que se iniciou o xogo, a conversa ou a actividade co outro neno, hai que contestar e responder adecuadamente ó que a outra persoa vai dicindo e pedindo.

6º.- Se a outra persoa non nos responde ou nos rexeita e nos da unha negativa e non quere xogar ou falar con nós, podemos: insistir, cambiar a táctica, pedir que xogue ou faga algo diferente, buscar outro neno...

Observacións

Habilidades relacionadas:

- Saudar
- Presentarse
- Iniciar conversas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

Programa de habilidades



de interacción social

ÁREA: Sentimientos, emocións e opinións

HABILIDADE: Expresar emocións

OBXECTIVO: Que o neno/a en situacións interpersoais, exprese de modo adecuado as súas emocións, sentimentos e afectos.



Situacións nas que esta habilidade é necesaria para o neno/a

- Síntese deprimido/a.
- Quere comunicarnos unha boa noticia do colexio.
- Quere facer unha crítica a súa irmá.
-
-

Puntos para o diálogo

- Diferenciar entre emocións e sentimentos positivos, agradables ou placenteros (alegre, tranquilo, feliz) e emocións e sentimentos negativos ou desagradables (enfadado, aburrido, atemorizado, nervioso).
- Importancia das sinais corporais que acompañan á emoción (expresión facial, sudoración, movementos, xestos, etc.).
- Importancia dos pensamentos que acompañan á emoción: ¿que me digo?, ¿que penso?.
- Dereito á privacidade das emocións e os sentimentos, pero conveniencia de expresar o propio estado emocional porque axuda a relacionarse mellor cos demais.

Pasos no ensino da habilidade

Para expresar emocións, sentimentos ou afectos o que hai que facer é:

1º.- Darse conta e notar a emoción. Para isto hai que observarse a sí mesmo. ¿que me pasa?, ¿que sinto?, ¿que me digo?.

2º.- **Descubrir e identificar as razóns, as causas e os antecedentes desa emoción. ¿Por que me sinto así?. Síntome así porque...¿que ocorríu con anterioridade?, ¿que fixen?, ¿que dixou ou fixo a outra persoa?**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"
Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

3º.- Expresar esa emoción ou sentimento con expresión verbal adecuada e linguaxe corporal oportuno. Esto supón:

- Buscar o lugar e o momento apropiado.
- Describir breve e calramente como te sintes.
- Dar razóns e causas dese sentimento.
- Agradecer á outra persoa por escoitarte.

4º.- Buscar modos para manter e intensificar a emoción, se é positiva, e de reducir e/ou eliminala se é negativa (pedir axuda, utilizar técnicas de relaxación...)

Observacións

Habilidades relacionadas:

- Solución de problemas interpersoais. (Área 5)
- Recibir emocións.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

Programa de habilidades



de interacción social

ÁREA: Solucións de problemas interpersoais

HABILIDADE: Buscar solucións

OBXECTIVO: Que o neno/a busque diversas alternativas de solución a conflitos interpersoais que ten con outros nenos e nenas.



Situacións nas que esta habilidade é necesaria para o neno/a

- Seu irmán ten un monopatín novo e non llo deixa.
- Un neno pégalle a miúdo cando baixa a xogar a rúa.
-
-

Puntos para o diálogo

- Buscar solucións cando se ten un conflito con outra persoa consiste en xerar e producir moitas alternativas de solución posibles ó problema interpersoal que se ten plantexado.
- Importancia de que os pais estimulen ó neno para que pense en moitas solucións ó problema, ¡cantas máis solucións mellor!

Pasos no ensino da habilidade

Para buscar solucións cando se ten un problema con outro neno/a é necesario dar resposta ás seguintes preguntas:

- ¿ Como se pode resolver o problema?
- ¿ Que se pode facer ou dicir para solucionalo?
- ¿ Que farías ti para solucionar o problema? ¿Que máis?
- ¿ Que outra cousa se podería facer?
- ¿ Que outra cousa se che ocorre facer?
- ¿ Que outra cousa farías se non podes facer o anterior?.
- ¿ Que outra forma pode haber de solucionar o problema?



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

Observacións

Habilidades relacionadas:

- Toda a área 5: Solución de problemas interpersoais.

Papel dos pais:

Cando o noso fillo/a ten problemas con outros nenos/as, como pais deberemos adoptar unha estratexia de diálogo co neno/a, facéndolle preguntas....